

LECTURA

Hansel e Gretel ían camiñando alegremente polo bosque. Normalmente cantaban canción xuntos para que o camiño se fixera máis corto.

Os nenos atoparon unha casiña toda construída de pan, doces, bombóns e outras larpeiradas. Soamente con vela, facíase a boca auga. E que nunca antes viran unha casiña feita de todo tipo de doces. Non podían deixar pasar esa oportunidade de encher a barriga.

Que gran banquete imos ter! Exclamou Hansel, que subiu ao Tellado e comezou a comer unha tella.

Gretel achegouse a unha xanela e lambeu o vidro. Arrancou un anaco e papouno.

De súpeto, abriuse a porta da casa e saíu unha muller moi vella. Os dous irmáns asustáronse, pero a velliña calmounos:

-Tranquilos pequenos, como chegastes aquí?

Perdémonos no bosque -respondeu Gretel.

1. Que tiña de particular aquela casiña?

2. Que ersonaxes aparecen? Son reais ou imaxinarios?

3. Que relación familiar existe entre os dous nenos?

4. Por que se asustaron os pequenos?

5. Busca no texto:

2 nomes proprios	2 nomes comúns	2 adxectivos	2 palabras agudas	2 palabras graves (llanas)	2 palabras esdrúxulas